



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2009 12:06
Nº Rexistro: 06667
Data envío: 31/08/2009 12:06:23.290

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez e Ana Belén Pontón Mondelo, deputado e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa ás previsións de retirada da gabarra “Yamburg”, encallada en Corrubedo.

O 19 de xaneiro encallaba en Baleiros (Corrubedo) a gabarra “Yamburg”, mentres era remolcada dende o porto grego do Pireo até Tallín (Estonia). Máis de sete meses despois, a gabarra, notabelmente máis deteriorada, continúa no mesmo lugar, provocando ademais do evidente impacto visual, prexuízos do punto de vista ambiental e mesmo produtivo, pola súa afección a un banco percebeiro xestionado pola Confraría de Aguiño.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:


1.^a) Coñece o Goberno de Galiza os motivos que impiden a retirada da gabarra “Yamburg” encallada en Corrubedo?

2.^a) Ten previsto demandar da Capitanía Marítima, da Dirección Xeral da Mariña Mercante, ou ben a iniciativa propia, a retirada desta gabarra?

Santiago de Compostela, 31 de agosto de 2009.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Ana Belén Pontón Mondelo



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/08/2009 12:06
Nº Rexistro: 06667
Data envío: 31/08/2009 12:06:23.290

Deputado e deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 31/08/2009 12:05:51